

RUTA PR-G 125

SENDEIRISMO

DE VISANTOÑA

Se por algo se caracteriza esta ruta é polas exemplarizantes vistas da paisaxe rural galega onde conviven harmoniosamente grandes extensións de prados e cultivos con sebes naturais, regatos que alimentan o encoro de Portodemouros e fragas de árbores centenarios que impasiblemente gozan do paso do tempo, sempre vixiados polos maxestuosos pazos noutra época máis esplendorosos.

O concello de Santiso pode gabarse do seu rico patrimonio en elementos arqueolóxicos, cunha boa representación da arquitectura castrexa e megalítica, contando con mais dunha ducia de castros e mámoas espalladas por todo o seu territorio.

RUTA PR-G 125 // Sendeiro de Visantoña

Seguidamente xurde a arquitectura relixiosa e popular. Cun elevado número de igrexas ligadas a cada unha das 17 parroquias, moitas veces acompañadas dos fermosos cruceiros que intercálanse coas numerosas construcións populares como pazos, hórreos e pombais.

A orografía do terreo aparece quebrada por pequenos vales erosionados ao longo do tempo polos ríos que regan toda a súa superficie.

Intentando amosar una mostra deste rico patrimonio, a ruta PR-G 125 Sendeiro de Visantoña, de aproximadamente 14 qm, parte do Local da Asociación “O Noso Lar” no lugar de Seoane. Seguindo a dirección contraria das agullas do reloxo partimos por unha pista de terra en dirección ao Pazo de Vilar de Ferreiros. Con capela, hórreo, pombal e fonte é, tras varias remodelacións, un dos mellores conservados de Galicia e un bo representante da arquitectura relixiosa, civil e popular.

Seguidamente atoparemos o Castro de Vilar de Ferreiros, que conserva en bo estado parte do foso e parapeto defensivos na parte O e NO. Sen escavar, agocha un tesouro de pezas de alto valor arqueolóxico xa que non foi espoliado como outros.


Continuando co roteiro e logo de gozar varios quilómetros da paisaxe rural tradicional, chegamos aos Muíños do Tajo. Situados no regato que lles da nome, son catro construcións populares onde se realizaba a moenda do grao de cereal cultivado na bisbarra.

Camiñamos un pouco máis dun quilómetro e chegamos á aldea do Ribeiro. O Pazo do Ribeiro maila súa capela, ámbolos en estado de abandono, emerxen para amosarnos a importancia que algunha vez tiveron no pasado.

Nesta aldea podemos apreciar un conxunto de construcións prehistóricas. As Mámoas do Ribeiro, situadas nun outeiro dominando o val, trasladánnos á cultura megalítica tan presente neste concello.

Continuamos o percorrido pola beira do Encoro de Portodemouros. Debido a súa construción nos anos 60, quedaron asolagadas as aldeas de Brocos en Agolada e Ribadulla en Santiso. Dende o ano 1975 está en funcionamento unha barcaza que une as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso).

Actualmente, ademais de aproveitamento eléctrico inicial, utilízase para a práctica de deportes náuticos.



Despois dunha pequena pero forte subida atopámonos co Castro de Seoane, que conserva parte da muralla defensiva exterior logo de ser practicamente derruído para a adecuación do terreo á práctica agraria.

A escasos metros encóntrase a Área Recreativa de Valiñas acompañada da piscina municipal, onde podemos facer un descanso no camiño, debido a que ten mesas, bambáns e grellas á sombra dos carballos e piñeiros.

Case pegado atópase o Campo da Festa, tamén con bambáns, mesas e grellas; é o lugar de celebracións das festas populares e relixiosas da aldea de Visantoña. A Igrexa de San Xoán de Visantoña, érguese no centro do núcleo de poboación de Seoane. Das máis amplas do concello, ten planta rectangular, dúas capelas e sancristía encostadas nos laterais. No adro está situado o cemiterio.

O camiño pasa a carón do cruceiro de San Xoán de Visantoña. Situado non cruce de camiños, destacando unha base onde se representan catro caveiras, un fuste con cabezas de anxos e a cruz con dúas figuras en sendas caras. Remátase a escasos metros, na Área Recreativa de Seoane, con mesas á sombra de carballos, onde se pode descansar despois dos 14 qm percorridos nesta fermosa andaina.

RUTA PR-G 125 // Sendeiro de Visantoña

SERVIZOS NA ÁREA DE

INFLUENCIA DA RUTA

Pazo de Vilar de Ferreiros

Localización: 42°51'54.16" N, 8° 6'1.05" O
Teléfono: 981 510 742
Enderezo: Vilar de Ferreiros, 15808
,Santiso, A Coruña
www.rjacobe.com
pazovilardeferreiros@rjacobe.com

Información de interese: Celebración de eventos (vodas, bautizos, comuñóns, vodas afterworks, coffe breaks...).

Queixería Varela

Localización: 42°52'17.66" N, 8° 6'9.68" O
Enderezo: Balada- Visantoña s/n
15808, Santiso, A Coruña
Teléfonos: 981510702 / 619867425
http://www.granxafamiliar.com/nosas-granxas/es_granxa.php?granxa=78
queixerivarela@gmail.com

Información de interese: Ofrece visitas guiadas previa confirmación e servizo de entrega a domicilio.

Casa Curros

Localización: 42°51'36.64"N, 8° 6'57.90"O
Teléfonos: 981 51 08 18 - 620 22 35 06
Enderezo: Lugar San Xoán de Visantoña 15808 Santiso A Coruña
www.casacurros.com

Correo: casacurros@yahoo.es

Información de interese: Casa de turismo rural.

Establecemento hostaleiro e comidas "Mesón Visantoña"

Localización: 42°51'55.14"N, 8° 6'46.55"O
Teléfono: 981 510 765
Enderezo: Lugar de Seoane-Visantoña s/n 15808, Santiso, A Coruña

Información de interese: Aberto de luns a domingo de 8:30 a 01:00. Especialidade en xabaril, corzo, lebre...

Establecemento hostaleiro "A Lareira"

Localización: 42°52'24.72"N, 8° 6'0.21"O
Teléfono: 981 510 714
Enderezo: Visantoña, s/n, 15808, Santiso, A Coruña.

Información de interese: Aberto toda a semana de 8:00 a 00:00

Autoservicio Isabel

Localización: 42°52'19.50"N, 8° 6'9.87"O
Teléfono: 981 510 975
Enderezo: Lugar de Balada-Visantoña, s/n, 15808, Santiso, A Coruña
isabel.garcia.manteiga@gmail.com

Información de interese: Aberto de luns a sábado de 9:00 a 21:00

Casa do Concello

Localización: 42°50'45.94"N, 8°2'19.65"O

Teléfono: 981 818 501/ 663 738 933

Enderezo: Lugar Agro do Chao s/n,
Arcediago, 15808, Santiso, A Coruña

www.santiso.org

Centro de saúde de Arcediago

Localización: 42°50'43.57"N,8°2'26.60"O

Teléfono: 981 517 803

Enderezo: Agro do Chao s/n Arcediago
15808 Santiso A Coruña

www.sergas.es

Centro de Saúde de Visantoña

Localización: 42°52'27.41"N, 8° 5'58.78"O

Teléfono: 981 510 749

Enderezo: Visantoña, s/n, 15808, Santiso,
A Coruña

www.sergas.es

Farmacia

Localización: 42°50'41.89"N, 8° 2'25.78"O

Teléfono: 981 517 823

Enderezo: Agro do Chao, 20, 15808,
Santiso, A Coruña

Información de interese: Luns e xoves de 9:15 a 14:30 e de 16:30 a 20:00. Martes, mércores e venres de 8:45 a 14:30 e de 16:30 a 20:00. Sábados de 10:00 a 13:30. Control da tensión, colesterol, triglicéridos, glucosa, ácido úrico, GPT, homeopatía, dermocosmética, dietética e consultas de nutrición. Punto SIGRE.

RECURSOS ETNOGRÁFICOS,

NATURAIS, HISTÓRICOS E

ARQUITECTÓNICOS

Pazo Vilar de Ferreiros

Localización: 42°51'54.16" N, 8° 6'1.05" O



Esta datado do século XV, logo dunha serie de remodelacións, actualmente presenta unha planta en escuadra. Está considerado un dos pazos mellor conservados de Galicia. Presenta unha torre da homenaxe cunha función inicial defensiva.

No interior dispón dunha solaina con triple arco de medio punto, con balaustres de estilo compostelán, datados do século XVIII, como a fermosa fonte situada no interior da finca, pechada por unha muralla que abre ao exterior a través dun gran portalón de estilo barroco clá-

RUTA PR-G 125 // Sendeiro de Visantoña

sico. Esta estrutura é a máis antiga das presentes. Está formada por sillares que rematan en arco apuntado, descentrado e sen clave. Enmarcada por moldura e orellóns nas esquinas. Con dúas columnas exentas sobre altos plintos con frontais a dous planos. Presenta unha Cruz de Santiago que amosa que o pazo foi habitado por Cabaleiros de Santiago. Ten un frontón partido onde érguese a peineta, cun gran escudo de armas entre pilastras e volutas, guarnecido por moldura mixta, con semicírculo e tres pináculos de bola. Este escudo pertence aos Soutomaior e os Pimentel

Consta dunha capela, onde se enterraba a xente desta casa, presenta unha pequena espadana dun van e con nave ampliada en altura por un corpo máis alto a xeito de cimborrio, con cuberta a catro augas.

Presenta unha única nave con fachada de pequeno perpiaño irregular e o resto de muros de encalado con contrafortes de sillar rectangular.

O interior está composto de muros de encalado branco, e a nave presenta no medio un arco triunfal de medio punto. O pazo tamén ten pombal, hórreo, casa de caseiros e na parte posterior da finca sitúanse uns amplos xardíns onde actualmente celébranse banquetes dos

casamentos que se celebran na capela e demais eventos que se conmemoran neste espazo.

Castro de Vilar de Ferreiros

Localización: 42°52'15.77" N, 8° 5'50.53" O



Castro case circular cun diámetro de 73 metros situado na ladeira dun outeiro sen chegar a coroa. Na actualidade a parte SE do xacemento foi destruída pola construción dunha pista forestal e pola adecuación ao uso agrario das terras adxacentes.

Na parte conservada atópase delimitado polo O por un parapeto de 7 metros de ancho e 10 de alto co máximo desenvolvemento na zona máis preto ao cumio do outeiro. Na parte NE é visible un profundo e estreito foxo.

Cunha ampla visión panorámica das te-

rras lindadeiras ata máis alá do río Ulla, a situación é excelente para a súa defensa. Actualmente está sen escavar pero sábese que ten soterradas un gran número de pezas cun importante valor arqueolóxico.

Muíños do Tajo

Localización: 42°52'38.22"N, 8° 7'16.58"O



Os catro muíños no regato do Tajo presentan unha construción rústica con paredes feitas de cachotería e tellado a dúas augas. Posúen unha soa moa onde se moía centeo, millo e/ou trigo. Son muíños que pertencen cada un a unha familia. En Santiso tamén hai representación dos outros dous tipos que existen, os de parcería e os de maquía. Os primeiros eran compartidos entre varias familias repartindo os días de moenda entre elas. Os segundos, onde o muiñeiro profesional cobraba unha maquía (unha parte da fariña resultante) por moenda.

Pazo do Ribeiro

Localización: 42°52'34.54"N, 8° 7'50.98"O



Pazo con capela actualmente en estado de abandono.

Mámoas na aldea do Ribeiro

Localización: 42°52'37.19"N, 8° 7'59.65"O



A mámoas son túmulos funerarios pertencentes ao período do Neolítico. É un dos períodos nos que está dividido a prehistoria, datado aproximadamente entre os anos 7000 a.C. e o 4.000 a.C. aproximadamente

RUTA PR-G 125 // Sendeiro de Visantoña

Son amoreamentos de terra, habitualmente de forma circular, facilmente identificables sobre o terreo. No interior gardan unha estrutura pétreo denominada dolmen ou anta onde se realizaron un ou varios enterramentos característicos da cultura megalítica.

No monte do Ribeiro atópase un conxunto de seis mámoas repartidas por toda a súa superficie. A máis próxima á ruta é un túmulo cun diámetro no eixe N-S de 20 metros e 21 m no eixe E-W, a altura é de 1,10 m na parte W. Actualmente atópanse sen escavar baixo un prado destinado a pasto para o gando

Encoro de Portodemouros

Localización: 42°51'43.86"N, 8°8'15.12" O



Encoro situado na bacía do río Ulla. Baña as provincias de Coruña e Pontevedra. Inunda a Arzúa polo Norte a Santiso polo Oeste e a Vila de Cruces e Agolada polo Sur.

A presa foi construída entre os anos 1964 e 1967, mide 90 metros sobre o leito do río Ulla e presenta un volume de 297 hm³.

A elección do emprazamento debeuse entre outros factores á existencia no contorno dos materiais necesarios para a súa construción, ademais da excelente impermeabilidade da roca existente.

Dende 1975 está en funcionamento unha barcaza que une as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso).

Os anos de seca pode chegar a verse a antiga aldea de Brocos que quedou asolagada debido a súa construción.

Actualmente pertence a Gas Natural Fenosa

Castro de Seoane

Localización: 42°51'52.56" N, 8° 7'8.11" O



Atópase situado no cume dun terreo amesetado. Foi derruído no ano 1978 para a adecuación do terreo ás prácticas

agrícolas. Constaba dunha forte muralla defensiva da que aínda se conserva unha parte exterior. Algunhas das pezas que non foron destruídas encóntranse expostas no museo Terra de Melide.

Área recreativa de Valiñas e piscina municipal

Localización: 42°51'38.84"N, 8°7'2.94"O



Situada xusto ao lado da ruta PR-G125. Consta de mesas á sombra das árbores, parque con bambáns para os nenos, grellas e aparcadoiro propio. Pódese gozar dunhas fermosas vistas do Encoro de Portodemouros. Está a carón da piscina municipal da que se pode gozar gratuitamente os meses de xullo a setembro en horario de 16:00-20:30.

Área recreativa do Campo da Festa

Localización: 42°51'48.03"N, 8° 6'51.50"O

Area recreativa no lugar de Seoane, situada entre as outras dúas presen-

tes na ruta PR-G125. Consta de grellas, bambáns e árbores que aportan unha agradable sombra para gozar dun descanso e/ou comida nas mesas situadas debaixo delas.



Nesta área celébranse as procesións e verbenas do San Antón, o 13 de xuño; do San Xoán, o 23 e 24 de xuño; e a procesión e a gran verbena de San Agustín os días 28 e 29 de agosto, á que acoden centos de persoas de Santiso e concellos veciños.

Igrexa de San Xoan de Visantoña

Localización: 42°51'51.19"N, 8° 6'49.38"O



RUTA PR-G 125 // Sendeiro de Visantoña

Unha das igrexas máis amplas do concello. De planta rectangular cunha única nave e presbiterio separados por un arco de medio punto. Consta de dúas capelas engadidas e sancristía encostada no lateral. No adro érguese un amplo cemiterio.

Edificio con muros de cachotería lucidos de cemento e pintados de cor branco agás a fachada principal que son de sillares de aparello isódomo. A decoración inexistente en gran parte do edificio, aparece concentrada na fachada principal, con porta de acceso cun arco adintelado reforzado por riba cun lintel recto. Fiestra con molduras e parte superior acabada cun arco de valla perfecta. Atopamos un reloxo sinxelo antes da espadana, que se atopa integrada nun corpo principal con dous ocós que aloxan sendas campás de tamaño dispar e rematada nun corpo triangular coroado e flanqueado por pináculos.

O tellado é a dúas augas e tella curva. No interior destaca o retablo do altar maior enmarcado por columnas lisas camarín e ático. De elementos neoclásicos que presentan unha policromía que tenta semellar a mármore, moi semellante aos que presiden as capelas laterais.

Cruceiro de San Xoán de Visantoña

Localización: 42°51'53.54" N, 8° 6'46.55" O



Atópase preto da igrexa nun cruzamento de camiños.

Composto de catro gradas de sección cadrada en planta, con cantonería. De perfil abocelado e un pequeno pousadoiro.

O pedestal está formado por dous corpos, o inferior é de tronco de pirámide decorado con catro caveiras nas súas arestas e os atributos da paixón. A superior, prismáticas de pequena altura.

Fuste de sección cadrada no comezo e no fin, octogonal ou de arestas matadas

no resto, coroado co capitel decorado con cabezas de anxos.

Finalmente a cruz é recta con arestas achaflanadas e con dúas figuras nas súas caras.

Área recreativa de Seoane

Localización: 42°51'56.82"N, 8°6'44.58"O

Situada no centro do núcleo de poboación do lugar de Seoane, na parroquia de Visantoña. Consta de mesas de pedra baixo ás árbores. Facilmente accesible tanto a pé como en coche.



























FESTAS

Celebradas no campo da festa de Seoane:

- // San Antón o 13 de xuño.
- // San Xoán o 23 e 24 de xuño.
- // San Agustín o 28 e 29 de agosto.





 Igrexa	 Área recreativa	 Mámoa	 Autoservicio	 Estrada municipal
 Pazo	 Queixería	 Cruceiro	 Turismo rural	 Ruta de Visantoña
 Muíño	 Restaurante	 Inicio/fin de ruta	 Panorámica	 Rego
 Castro	 Centro de saúde	 Encoro	 Café bar	 Encoro
				 Estrada provincial
				 Límite parroquial
				 Limite municipal